



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE 2012, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
 D^a. MARGARITA DEvesa CARDELLE
 D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
 D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trece de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201200000001004 de don Antonio Fernández Alegre.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Boqueixón, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 162 m. de lonxitude, no lugar de Cimadevila – San Miguel de Sarandón, en solo rústico de agrícola (R-2) e dentro da afección do xacemento arqueolóxico GA15089021, segundo o PXOM.

Dáse conta así mesmo da autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o eixe da vía municipal; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso, e en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e cinco euros con sesenta e un céntimos (#145,61#)

2.2.- Instancia núm. 201200000001191 da AA.VV San Miguel.

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel González Torre, en calidade de Presidente da AA.VV. San Miguel, solicita licenza para a colocación de catro elementos para parque biosaúdable en parcela núm. 1062 do acordo de concentración da zona de Sarandón, situada en Silva de Arriba, en solo rústico de protección ordinaria (R-1), cualificado como dotación socio cultural (SC-8) no PXOM.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Á vista do informe favorable do técnico municipal , concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para a instalación será de 6,00 m. de distancia dende o eixe da vía e respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. Ademais a ocupación non pode superar o 50% da superficie da parcela.

Segundo.- Concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes ao tratarse dunha obra comunitaria de interese social.

2.3.-Instancia núm. 201200000001202 de dona Isabel Canicoba Cabo.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vilanova, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 70 m² en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situada en Vilar, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e catro euros con oitenta céntimos (#74,80#).

Neste intre auséntase don Rogelio Lema Mougán.

2.4.-Instancia núm. 201200000001353 de don Rogelio Lema Mougán.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 100 m², colocando tella sobre uralita existente e rebocado con pedra das paredes exteriores, de aproximadamente 60 m², situado en Nande, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non



se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento cincuenta e nove euros con trinta e dous céntimos (#159,32#).

Adoptado o acordo incorpórase novamente o concelleiro don Rogelio Lema Mougán.

2.5.- Instancia núm. 201200000001354 de dona Tania López Otero.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construción dun cerramento, de aproximadamente 193 m. de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Trasariz – San Fins de Sales, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o eixe da vía que pasa pola cara sur da parcela e de 5,00 m. dende o eixe para o resto; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do peche será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento setenta e tres euros con corenta e sete céntimos (#173,47#)

2.6.- Instancia núm. 201200000001355 de don Manuel Pedreira Castro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 70 m² en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, no lugar de Cimadevila, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e catro euros con oitenta céntimos (#74,80#).

2.7.- Instancia núm. 201200000001363 de don Manuel Sánchez Bouzón.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción de peche de dúas parcelas, de aproximadamente 20 e 77 m. de lonxitude respectivamente, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Trasariz de Abaixo, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1) e solo rústico de agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para os cerres será de 6,00 m. de distancia dende o eixe da vía municipal; garantirase o natural descorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m. na parcela edificada e de 1,00 m. na parcela sen edificación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e sete euros con dezaioito céntimos (#87,18#).

2.8.- Instancia núm. 201200000001181 de don Juan Manuel Cutrín Lobato.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vilanova, solicita licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Galegos, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM, de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 40.500,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo levar a cabo as obras de acordo co proxecto presentado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitocentos dez (#810,00#) euros.

2.9.- Instancia núm. 201200000001089 de don José Enrique Sánchez Amiama.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Teo, solicita licenza para a construción dun peche de parcela, con base de bloques ou pedra, postes e arame, de aproximadamente 118 m. de lonxitude, e colocación de tubos na gábea para acceso á finca en Bazar-Trobe, en solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a



distancia mínima para o peche será de 6,00 m. de distancia dende o eixe da vía; garantirase o natural descender das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia; respectarase os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.; axustarase ás condicións da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural e non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará ao mesmo nivel có vial de maneira que non sobresaia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento doce euros con seis céntimos (#112,06#).

2.10.- Instancia núm. 201200000001341 de dona María Teresa Presas Valdés.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a pavimentación do entorno da vivenda con formigón, aproximadamente 35 m², situada en Buxeiros de Abaixo nº 6.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás condicións da solicitude.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.11.- Instancia núm. 201200000001079 de don Jesús López Mella.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación de muro de peche de aproximadamente 100 m. con pedra en Ribeira, en solo de núcleo rural (N-1) e afectada polo ámbito de protección A-34 segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da construción e as obras non afectarán á estrutura da mesma; axustarase ás condicións da autorización do Servizo de Patrimonio; encintarse con morteiro bastardo e con chaga afundida.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e catro euros con oitenta céntimos (#144,80#) euros.

2.12.- Instancia núm. 201200000001403 de don Luis Louzao Alvarez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a rehabilitación de cerre de aproximadamente 30 m. consistente en revestido e pintado, en Sobredo, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da construción.



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.13.- Instancia núm. 201200000001405 de dona Victoria Mogo Castelao.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel, solicita licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Sarandón, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente. Deberase manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde..

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e nove euros con corenta e seis céntimos (#69,46#) euros.

2.14.-Instancia núm. 1604/11 de dona Elena Fachal Pereira.

Téndose solicitado por dona Elena Fachal Pereira, licenza municipal para instalación da actividade de *residencia canina*, no lugar de Neira de Abaixo (San Mamede de Ribadulla). Tendo en conta que tramitado o oportuno expediente de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental e remitido este ao órgano ambiental competente se emitiu o preceptivo ditame de incidencia ambiental e á vista do contido dos informes emitidos polos Servizos Técnicos Municipais.

A Xunta de Goberno acorda:

1.- Licenza da actividade:

Conceder a dona Elena Fachal Pereira, licenza de actividade para residencia canina, condicionada ao cumprimento do contido do ditame de incidencia ambiental emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e ao contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, que se xuntan ao presente acordo.

O prazo para o comezo da actividade será de 3 anos a contar dende o acordo de concesión.

Non se poderá iniciar a actividade sen que se teña obtido a previa Acta de posta en funcionamento. A tal efecto o titular deberá solicitar e presentar a documentación precisa para garantir que a instalación se axusta ao proxecto aprobado e á licenza concedida, así coma ás medidas correctoras adicionais impostas no ditame de incidencia ambiental, nos termos do disposto no artigo 18 do Decreto 156/1995, do 3 de xuño de inspección ambiental.



Deberá ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal e que se notificará xunto co presente acordo.

Notificar o acordo á solicitante, con indicación dos recursos que procedan, e ao órgano emisor do ditame de incidencia ambiental.

2.- Licenza da obra

En relación á obra solicitada por D^a. Elena Fachal Pereira, con domicilio en Neira de Abaixo, 15 - San Mamede, consistente en legalización dunha residencia canina, en Neira de Abaixo (San Mamede de Ribadulla), emprazada en Solo Rústico de Protección Agropecuaria (R-2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, con unha ocupación máxima inferior ao 20% da parcela neta, nº planta B. Altura máxima de cornixa 2,00 m, segundo o proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Brais Vázquez Rey e cun orzamento de 20.451,00 euros, cumpre, dende o punto de vista técnico o Plan Xeral vixente do Concello de Vedra e a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Que o uso formulado para a actividade considérase autorizable por tratarse dun *“establecemento nos que se aloxen, manteñan ou críen animais”* incluído nas actividades e usos construtivos autorizables do punto 2.b do artigo 33 da Lei 9/2002 para o solo rústico agrícola.

Que a transitoria primeira da Lei establece que ao solo cualificado polo plan xeral como rústico, aplicaráselle integramente o disposto na Lei 9/2002 para o solo rústico.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto presentado.

-En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

-En cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2002 deberá dota-la finca de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución de este e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m. e debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de catrocentos nove euros con dous céntimos (#409,02#).

3º.- Acordo, se procede, sobre transmisión de titularidade de licenza de apertura de establecemento.

3.1.- Licenza de apertura de establecemento destinado a café-bar especial en Galegos -Santa Cruz de Ribadulla.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Vista a solicitude presentada por don Francisco M. Rodríguez Chantres - Representante de Hostal Zeus Rivadulla, S.L.U., para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a *café-bar especial*, sito en Galegos (Santa Cruz de Ribadulla), neste termo municipal, a favor de Residencial Zeus, S.L.U.

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 28/10/1987, tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de se-lo caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitinte e ao adquirente.

3.2.- Licenza de apertura de establecemento destinado a Hostal de 1 estrela en Galegos.

Vista a solicitude presentada por Francisco M. Rodríguez Chantres - representante de Hostal Zeus Rivadulla, S.L.U., para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a Hostal Residencia de 1 Estrela, sito en Galegos (Santa Cruz de Ribadulla), neste termo municipal, a favor de Residencial Zeus, S.L.U.

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 09/05/1996, tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de douscentos corenta euros con corenta céntimos (#240,40#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitinte e ao adquirente.

4º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



| Núm. Factura | Provedor | Importe | Descrición |
|--------------|---|-------------|---|
| 96.003.801 | Fornecementos Galegos, SL (Foga) | 838,77 € | Fotocopias máquina planta baixa meses maio e xuño |
| 96.005.071 | Fornecementos Galegos, SL (Foga) | 730,82 € | Fotocopias máquina planta baixa meses xullo e agosto |
| 83 | Centro de Orientación de Estudos Comerciales, SL (Coesco) | 495,00 € | Obradoiro técnicas de traballo intelectual |
| 84 | Centro de Orientación de Estudos Comerciales, SL (Coesco) | 495,00 € | Prestación do servizo <i>¿É eso o que buscas?</i> |
| 399 | Viajes Peillet S.L. | 540,00 € | Servizo prestado para a viaxe ao Centro Experimental de Horticultura de O Rosal o día 01/0/2012 |
| 394 | Viajes Peillet S.L. | 756,00 € | Servizo prestado para as xornadas de formación e turismo os días 28 e 29/07/2012 |
| 80/2012 | Construccion Lemos Martinez S.L. | 46.243,54 € | Acondicionamento e mellora dos parques infantís en Ponte Ulla e Santa Cruz |

A Xunta de Goberno acorda aprobar as ditas facturas.

5º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

5.1.- Escrito núm. 1192/12 de Promotora Matimán, S.L.

Dáse conta do citado escrito no que don Juan Carlos Martínez Barreiro, en representación de Promotora Matimán, S.L, solicita a devolución do aval depositado como garantía do contrato da obra de *Ampliación e reforma da gardería municipal de Vedra, incluída no FEESL 2010*, por importe de 3.120,04 euros.

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

5.2.- Escrito núm. 1193/12 de Obras y Viales de Galicia, S.L.

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución do aval depositado como garantía do contrato da obra de *Mellora e acondicionamento vías municipais en Dozar, Romarís, Outeiro, A Revoltiña, Paradela, Trobe e San Miguel de Sarandón (POS 2011)*, por importe de 32.796,61 euros.

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

6º.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas para a adquisición dun vehículo todoterreo para Protección Civil e protección do medio ambiente.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adquisición dun vehículo todoterreo para protección civil e protección do medio ambiente, financiado con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental: liña



competitiva (80% e con cargo a recursos propios (20%)), mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, ao prezo máis baixo.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de agosto do ano que andamos, pola que se lle comunica a don Manuel Millán Neira, propietario da parcela nº 560 do polígono 505 do catastro de Trobe, que no prazo de 15 días debe proceder á corta das árbores forestais que se atopen a menos de 30 m. da vivenda afectada segundo establece o punto 17 da Disposición derradeira primeira da citada Lei de montes que modifique neste punto o artigo 21.6 da lei de incendios.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de agosto do ano que andamos, pola que se lle ordena a don Ramón Lobato Novoa, en calidade de propietario de parcela 15090B509003410000TJ, a execución no prazo de un mes das actuacións precisas para cumprir o disposto no punto 17 da Disposición derradeira primeira da Lei de montes que modifica neste punto o artigo 21.6 da lei de incendios respecto ás distancias a gardar polas especies arbóreas con vivendas.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de agosto do ano que andamos, pola que á vista do disposto no R.D.L 20/2012, do 13 de xullo, da Xefatura do Estado, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de fomento da competitividade, e no disposto nos artigos 2 e seguintes da citada norma, polo que se elimina a paga extra de decembro para todo o persoal ao servizo das administracións públicas, ordénase que se proceda á redución das retribucións dos cargos electos con retribucións por dedicación, nas contías que correspondan percibir en concepto de paga extra do mes de decembro.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e un de agosto do ano que andamos, pola que se acorda concederlle á Comisión de Festas de Santa Baía de Vedra unha axuda por importe de cincocentos (#500,00#) euros para o gasto de mantemento e subministro de enerxía eléctrica ao local do Centro de Interpretación de Vedra.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de setembro do ano que andamos, pola que se acorda concederlle a don Luis Castiñeiras Martínez unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de mil cen (#1.100,00#) euros en concepto de axuda para dotación de servizos mínimos en vivenda, de acordo co establecido na ordenanza reguladora deste tipo de axudas.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de setembro do ano que andamos, pola que lle concede a dona Cristina Rizo Liñares unha axuda con cargo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



ao programa de emerxencia social por importe de cincocentos oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#585,76#) en concepto de necesidades básicas e unha para gastos derivados da escolarización por importe de trescentos sesenta e catro (#364,00#) euros.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8º.- Outros asuntos

8.1.- Escrito nº. 1260/12 de dona Rosa Rodríguez Caneda.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada con domicilio en Trobe, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o pasado vinte e dous de xuño acordou declarar en situación de fóra de ordenación total a vivenda situada en Gatente nº 12, e solicita o fraccionamento do pago do imposto correspondente en tres mensualidades de cento noventa euros con noventa e dous céntimos (#190,92#).

A Xunta de Goberno accede ao solicitado.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e vinte minutos.